



Xornada

Isaac Díaz Pardo. Azul Compostela

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
28 de abril de 2025



Con motivo da celebración do Día das Artes Galegas 2025, dedicado ao artista e intelectual Isaac Díaz Pardo, o Consello da Cultura Galega presenta unha xornada arredor dunha das figuras fundamentais da cultura contemporánea do noso país.

Desde unha perspectiva de proximidade e partindo das diferentes achegas aos diversos campos creativos, establécense catro miradas sobre a traxectoria vital e creativa de Isaac, que van do persoal ao artístico e ao técnico, tendo como escenario referencial a cidade de Compostela, onde nace e onde transcorren a súa infancia e xuventude, e onde vivirá en distintos momentos.

Impulsor da recuperación da cerámica e porcelana de Sargadelos e do Castro cun espírito renovador a través da tecnoloxía, o deseño e a difusión da cultura propia, Díaz Pardo constitúe xunto con Luís Seoane o Laboratorio de Formas, que, de xeito instrumental, agrupa diversas empresas e iniciativas culturais, como o Museo Carlos Maside ou Ediciós do Castro.

Esta proposta pretende chegar novas perspectivas a unha figura poliédrica que abrangue distintos ámbitos da creación e a cultura galegas, no marco da recuperación da memoria cultural e política dentro do ámbito intelectual galego, para converterse no meirande referente galego da segunda metade do século XX.

A xornada aporta catro visións persoais de catro mulleres que compartiron espazo e tempo con Isaac, na contorna familiar ou na profesional; que traballaron e investigaron sobre o seu legado e poden mostrarnos parte do itinerario vivencial de Isaac e o seu forte compromiso co país, destacando non só a imaxe de creador ou intelectual, senón tamén a de impulsor de todo tipo de iniciativas culturais.

Programa



16:45 horas
Presentación da xornada

17:00 horas
Presentación e proxección do
audiovisual
As miradas de Isaac
Idea orixinal e dirección: **Cecilia Díaz
Betz**

Conferencia
Isaac hoxe
Cecilia Díaz Betz

18:15 horas
Pausa

Sesión de relatorios
*Isaac Díaz Pardo: arte e compromiso
coa cultura galega*

18:30 horas
Begoña Soneira

18:50 horas
María América

19:10 horas
María Díaz

19:30 horas
Debate
Begoña Soneira
María Díaz
María América
Eduardo Valiña
Silvia García

20:00 horas
Peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

Coordinan

Silvia García González

Eduardo Valiña

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

